



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI do Feal

R/ Río Seco s/n - O Feal

15572 Narón (A Coruña)

CIF: Q6555032I

Teléfono: 881 938177 / Fax: 881 938185

E-mail: cpi.feal@edu.xunta.gal

Web: www.edu.xunta.gal/centros/cpifeal

Adaptación da Programación Didáctica

Centro: CPI do Feal (Narón)

Curso: 2019-2020

Departamento: Tecnoloxía

Data: 20/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Táboa de contidos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	8
2.1 Avaliación	8
2.1.1 Resumo dos contidos mínimos que se traballaron no primeiro trimestre	8
2.1.2 Resumo dos contidos mínimos que se traballaron no segundo trimestre.....	9
2.1.3 Criterios de cualificación durante os dous primeiros trimestres	9
2.2 Cualificación final	10
2.3 Proba extraordinaria de setembro	10
2.4 Alumnado de materia pendente.....	10
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	11
4. Información e publicidade	11

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Tecnoloxía – 2º de ESO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	
B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.	TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.	TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.
	TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
	TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica	
B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.	TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acoutamento e escala.
B2.2. Interpretar esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.
B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.	TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.
Bloque 3. Materiais de uso técnico	
B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.
	TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.
B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.
	TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos	
B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.	TEB4.1.1. Describe, audiovisual ou dixitalmente, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.
	TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.

Tecnoloxía – 2º de ESO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación	
B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.
B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.	TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.
	TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.
	TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.

Na Tecnoloxía de 2º de ESO, foron descartados os Criterios de Avaliación B4.2, B4.3 e B5.3 (da Programación inicial deste curso).

Tecnoloxía – 3º de ESO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	
B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar a súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.	TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente, e valorando as condicións do contorno de traballo.	TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.
	TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
	TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica	
B2.1. Interpretar esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.
B2.2. Explicar, mediante documentación técnica, as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.	TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.

Tecnoloxía – 3º de ESO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 3. Materiais de uso técnico	
B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna, en relación coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir.	TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.
	TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.
Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control	
B4.1. Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.	TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.
B4.2. (reducido): Obter as magnitudes eléctricas básicas.	TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.
B4.3. (con redución da lista de compoñentes electrónicos): Diseñar e simular circuitos con simboloxía adecuada e montar circuitos con operadores elementais.	TEB4.3.1. Diseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías, conectores, e resistencias.
	TEB4.3.2. Diseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación	
B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.
B5.2. Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.	TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.
	TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.
B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.	TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.
	TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.
	TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.

Na Tecnoloxía de 3º de ESO, foron reducidos os Criterios de Avaliación B4.2 e B4.3, e descartado o B4.4 (da Programación inicial deste curso).

Tecnoloxías da Información e da Comunicación - 4º de ESO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede	
B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.
	TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.
B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.
	TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.
Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes	
B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
	TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.
B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.
B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital	
B3.1. (reducido): Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.
	TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.
B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
	TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación - 4º de ESO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 4. Seguridade informática	
B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.
	TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
	TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.
Bloque 5. Publicación e difusión de contidos	
B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.
B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.
	TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.
B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregarlos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.
Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión	
B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.
	TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.
	TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.
B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.	TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.
B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.

Nas Tecnoloxías da Información e da Comunicación de 4º de ESO, foi reducido o Criterio de Avaliación B3.1 (da Programación inicial deste curso).

2. Avaliación e cualificación

2.1 Avaliación

2.1.1 Resumo dos contidos mínimos que se traballaron no primeiro trimestre

Tecnoloxía de 2º de ESO (Bloques 1, 3 e 5 dos seus Criterios de Avaliación):

- Informática: aplicacións ofimáticas e servizos básicos de Internet.
- Materiais: clasificación e propiedades xerais.
- Madeira: composición, propiedades, obtención, clasificación, e técnicas básicas de transformación no taller e na industria.
- Metais: composición, propiedades, obtención, clasificación, e técnicas básicas de transformación no taller e na industria.

Tecnoloxía de 3º de ESO (Bloques 3 e 5 dos seus Criterios de Avaliación):

- Hardware: compoñentes dun ordenador.
- Software: sistema binario, medida da cantidade de información dixital, sistemas operativos, e aplicacións.
- Materiais plásticos: composición, propiedades, obtención, clasificación, e técnicas básicas de transformación no taller e na industria.
- Materiais pétreos e cerámicos: composición, propiedades, obtención, clasificación, e técnicas básicas de transformación.
- Materiais téxtiles: composición, propiedades, obtención, e clasificación.

TIC de 4º de ESO (Bloques 1, 2, 4 e 5 dos seus Criterios de Avaliación):

- Introducción: medida da cantidade de información dixital, características básicas dos principais sistemas operativos, características dos principais compoñentes internos e externos dun ordenador.
- Publicación e difusión de contidos: elaboración de presentacións, creación e publicación de páxinas web, xestores de contidos e ferramentas de colaboración en rede.

2.1.2 Resumo dos contidos mínimos que se traballaron no segundo trimestre

Tecnoloxía de 2º de ESO (Bloques 2 e 4 dos seus Criterios de Avaliación):

- Debuxo: materiais, uso das ferramentas, escalas, vistas dun obxecto, e acoutamento.
- Estructuras: esforzos, elementos, características, e clasificación.

Tecnoloxía de 3º de ESO (Bloques 1, 2 e 4 dos seus Criterios de Avaliación):

- Electricidade: Circuitos, magnitudes e cálculos básicos. Electromagnetismo e centrais eléctricas. Corrente continua e alterna.

TIC de 4º de ESO (Bloques 3 e 6 dos seus Criterios de Avaliación):

- Multimedia: técnicas básicas do tratamento de imaxes, xeración de debuxos sinxelos, edición de audio e vídeo.

2.1.3 Criterios de cualificación durante os dous primeiros trimestres

Para superar cada avaliación, foi necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Unha media de cinco puntos nas probas escritas, cun mínimo de tres puntos en cada unha delas.
- Ter todos os traballos entregados e valorados como aptos.

O alumnado que non foi avaliado positivamente no primeiro trimestre, e amosou unha actitude aceptable, puido compensalo superando unha nova proba con polo menos cinco puntos, e entregando todos os traballos pendentes correctamente.

A cualificación tivo como referencia os criterios de avaliación, e estableceuse en función dos seguintes factores: comportamento nas aulas e nos desprazamentos, interese pola aprendizaxe, actividades diarias, probas orais e escritas, traballos en grupo, grao de participación nas tarefas de grupo, limpeza e orde no traballo, coidado do material, cumprimento das normas de seguridade, cumprimento dos prazos, e puntualidade.

Na cualificación global de cada avaliación, tanto a calidade dos traballos prácticos como a actitude en clase, puideron subir ou baixar ata dous puntos a media obtida nas probas escritas.

2.2 Cualificación final

Unha avaliación do primeiro ou segundo trimestre que fora cualificada con 4, poderá recuperarse a través da Aula Virtual do centro durante o terceiro trimestre, cumprindo as seguintes condicións:

- Ter entregadas, correctamente e no prazo disposto, todas as actividades xerais (dirixidas a todo o alumnado do seu curso) relacionadas coa avaliación suspensa.
- Ter un historial activo no foro, para resolver as dúbidas e autoavaliar os traballos anteriores (explicando os fallos atopados, no caso de que se publicase o xeito de corraxilos).
- Entregar (antes do 5 de xuño de 2020) gravacións en vídeo de recuperación, onde o alumno/a explique correctamente os contidos ou exercicios da avaliación suspensa indicados polo profesor. Ao comezo de cada vídeo, deberá demostrarse que no espazo de gravación non hai nada nin ninguén que poida servir de axuda; e non pode haber cortes.

Para recuperar unha avaliación do primeiro ou segundo trimestre que fora cualificada con menos de 4, será necesario en primeiro lugar cumprir as condicións anteriores. En caso de cumprilas, o profesor convocará ao alumno/a para unha proba oral por vídeo-conferencia antes do 10 de xuño, na que haberá cuestións sobre os contidos mínimos correspondentes a ese trimestre; e deberán responderse correctamente o 50% delas no tempo disposto. Ao comezo destas probas, a persoa convocada deberá demostrar coa súa cámara que no seu espazo non hai nada nin ninguén que lle poida servir de axuda, e ademais, deberá manifestar se permite a gravación da reunión para poder atender a posibles reclamacións posteriores.

A cualificación final ordinaria terá como base a media das obtidas nas dúas primeiras avaliacións, sendo posibles as seguintes modificacións sobre esta media:

- A cualificación final ordinaria non pode ser superior a 4 en caso de que quedase algunha avaliación sen recuperar (polo procedemento descrito anteriormente).
- Unha avaliación recuperada a través dunha proba presencial do segundo trimestre, ou mediante as actividades a distancia antes explicadas do terceiro trimestre, será puntuada con 5 ou 6 segundo a calidade da recuperación.
- O alumnado que non necesitase ningunha recuperación a distancia, poderá engadir ata un punto á súa media, grazas ás actividades xerais da Aula Virtual do terceiro trimestre; valorándose sobre todo as audiovisuais nas que poida demostrarse a autoría, e ademais, a participación no foro para aclarar e autoavaliar (con explicacións) as demais.

2.3 Proba extraordinaria de setembro

Na proba extraordinaria de setembro, haberá cuestións sobre todos os contidos mínimos traballados durante os dous primeiros trimestres.

2.4 Alumnado de materia pendente

Durante o curso 2019-2020, só había un alumno cunha materia pendente no Departamento de Tecnoloxía, e xa entregou o traballo necesario para recuperala.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Tecnoloxía de 2º de ESO:

- Reforzo de Informática a través da elaboración de documentos ofimáticos.
- Reforzo de Debuxo Técnico, a través de probas visuais autoavaliabes, e de deseños con programas ofimáticos.
- Reforzo de Estruturas, a través de cuestionarios autoavaliabes, e de xogos de construción de pontes.
- Ampliación de Electricidade, a través de cuestionarios autoavaliabes, de deseño de circuitos con recursos informáticos, e de montaxes reais de circuitos con materiais caseiros (gravadas en vídeo).
- Ampliación de Mecánica, a través de montaxes reais de mecanismos con materiais caseiros (gravadas en vídeo).

Tecnoloxía de 3º de ESO:

- Reforzo de Informática a través da elaboración de documentos ofimáticos.
- Reforzo de Electricidade, a través de cuestionarios autoavaliabes, e da utilización de programas ofimáticos para deseño, análise e cálculo de circuitos.
- Ampliación de Mecánica, a través de cuestionarios autoavaliabes, e da utilización de programas ofimáticos para deseño, análise e cálculo de mecanismos.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación de 4º de ESO:

- Reforzo de creación de material multimedia, a través de cuestionarios autoavaliabes, e da utilización de programas de edición de imaxe e son.
- Reforzo de difusión de contidos, a través da elaboración colaborativa dunha wiki.
- Ampliación de redes de ordenadores, a través de cuestionarios autoavaliabes.

En todos os cursos, considérase fundamental a boa utilización das diversas canles de comunicación co profesor para mellorar a aprendizaxe; especialmente os foros públicos da Aula Virtual, e tamén a mensaxería privada.

4. Información e publicidade

Este documento será publicado en todos os cursos do departamento de Tecnoloxía da Aula Virtual do CPI do Feal.